

CENTINELA - CORREO

¡Alto, alto! ¿quién vive!

Son un correo lixeiro  
Que veño en avanzadilla  
E non vou permitir que nadie  
Me queira poñer a zancadilla.

Non te alporices tanto  
Que nada malo dixen con esto  
Eu estou de centinela  
~~Eso~~ defendo o meu puesto.

Pois cumples coa túa obrigaón  
E defendeo ben defendido  
Contigo non penso discutir  
Porque eso non ten sentido.

Acabas de lermes o pensamento  
Eso mesmo che iba decir  
Vou chamar o meu superior  
Que eu non veño a discutir.

Eres un bó centinela  
E estás moi acertado  
Así que chama un superior  
E que veña preparado.

Acerquese aquí correo  
Veña vostede adiante  
Que teño aquí un tío chulo  
Que parece Bustamante.

CORREOS

¡Alto, alto! ¿Quién vive?

Son un correo lixeiro  
E veño moi apurado  
E chego aquí a Cora  
E atopo o paso cerrado.

Vostede virá dunha terra  
Que ó mellor é moi moderna  
Pero esto non está aberto  
Que non é unha taberna.

Non veñas de cachondeo  
Nin pasandote de listo  
Igual baixo do cabalo  
E che monto aquí un cristo.

Quédate ahí donde estás  
E non deas un solo paso  
Como baixes do cabalo  
Aquí mesmo te abraso.

Non é necesario a violencia  
Polas boas quero arreglar  
Veñen tras de min generales  
Que por aquí han de pasar.

Eu tamén teño generles  
E con eles han de falar  
Pra que digan o que veñen  
Se por aquí queren pasar

Veñen falar de unhos temas  
De rabiosa actualidade  
E hoxe de moitos asuntos  
Vaise saber a verdade.

Según se presenta o asunto  
Parece moi interesante  
Chamarei ós meus superiores  
Para que se acerquen adiante.

Pois entón que pasen eles  
Porque esto está que arde  
E que veñan de contado  
Que non temos toda tarde.

A la orden genral  
Acerquese aquí adiante  
Con decisión e firmeza  
Amosando o seu talantè.

A la orden general  
Con altá graduación  
Acerquese aquí adiante  
Para empezar coa reunión.

Son o general .....  
E aquí me mandaron chamar  
Por un asunto importante  
Do que había que falar.

Pois digame cal é o asunto  
E empezamos enseguida  
Xa que é tan importante  
Teremos que buscarlle saída.

Xa estamos traballando en eso  
Pronto virá a solución  
Pois no segundo semestre  
Empezará a recuperación.

Traballamos a marchas forzadas  
Pra que non haxa un solo fallo  
E así a finais de ano  
Xa empece a haber traballo.

Eu sei o que estou decindo  
Pois teño documentación  
Que acredita que este ano  
Sairemos da recesión.

Sabemos o que temos que facer  
Esa é a misión que nos toca  
Arreglaremos a situación  
Con axuda desde Europa.

Estamos no bo camiño  
E se a cousa non se torce  
Estaremos creando emprego  
No ano dousmilcatorce.

A la orden general  
Mandatario de relevancia  
Veñe aquí para tratar  
Outro tema de importancia.

Son o general .....  
E por min foi reclamado  
Para tratar un asunto  
Que ten que ser arreglado.

O asunto é importante  
E está saindo moi caro  
Temos que solucionar  
Que non haxa tanto parc.

Sabes que non é verdade  
Non é facil de arreglar  
Volverase a repertir a historia  
E teremos que emigrar

Eso fôisevos das mans  
Pois non estades preparados  
E cada día que pasa  
Van aumentando os parados.

Eso dillo a quen te crea  
A min non me veñas con esas  
Ou non ves que cada día  
Están cerrando mais empresas.

Solucionade o problema  
Arregladeo como sea  
Que veña Merkel se fai falla  
Que vós non tedes puta idea.

Esperemos que sea así  
E que a cousa vaia ben  
Senón verémonos as caras  
No entroido do ano que ven.

A la orden general  
Eu tamén lle deixo paso  
Acerquese aquí adiante  
E déalle un bo repaso.

GENERALES 2º

Son o general .....  
Da defensa maior do estado  
E veño falar de un tema  
Que ten o exercito alterado.

Tivemos unha xuntanza  
No ministerio de defensa  
E o que pasa en Cataluña  
Para nós é unha ofensa.

Eso é totalmente inviable  
Non o permite a constitución  
E que se cumpla a rajatabla  
Esa é a nosa misión.

Sabedes perfectamente  
Que o que pedides é imposible  
Pois a constitución di que España  
Es una, grande, e indivisible.

Pois eu sígovos decindo  
Que estades equivocados  
Vós queredes ir por lana  
E ides salir trasquilados.

Imos terminar poñendo  
Un alambre con estacas  
Se queredes estar solos  
Encerrarvos coma as vacas.

O único que pretendedes  
E seguir vivindo de gorra  
Con contas en paraísos  
Como Suiza ou Andorra.

A la orden general  
Acerquese a frontera  
Para discutir eses asuntos  
Que aínda quedan en espera.

●  
Eu son o general .....  
Do ministerio de gobernación  
Informeme se é posible  
De cal é a situación.

O problema que vós tedes  
É o de non ter pacencia  
Pois o único que queredes  
E a súa independencia.

Pra arreglar ese problema  
Non fai falla chegar a ese punto  
Dádelle a soberanía  
E acabouse o asunto.

Faremos un referéndum  
Someterémolo a votación  
E acataremos o resultado  
Diga o que diga a constitución.

Temos a capacidade  
de ser nación europea  
e imolo a conseguir  
polo método que sea.

Seguideo tomando a broma  
Que logo vos ha de pesar  
Cando vexades que o proxecto  
Empeze a prosperar.

Eso que acabas de decir  
xa tanto non me interesa  
asi que xa me vou ir indo  
porque teño moita presa.

A la orden general  
Seguinte no escalafon  
Acerquese para tratar  
De buscar unha solución.

GENERALES 3º

Son o general .....  
Coñecido no mundo enteiro  
Pois represento o sector  
Económico e financeiro.

Para poder contestarche  
Primeiro dime quen eres  
A quen estás representando  
E a que cartos te refieres.

Ese tema xa está en curso  
No seu día foi denunciado,  
Quizá en dous ou tres meses  
Xa estea solucionado.

Pagouse un alto interés  
Cando compraste-las accións  
Agora tedes apuro  
E queredes solucións.

Cando compraste-las accións  
Entendéstelo perfectamente  
Agora vides de victimas  
Pra quedar ben diante da senté.

Se empezamos con insultos  
A ningures imos chegar  
Vós firmastes unha clausula  
Que a temos que respetar.

Non me gusta o camiño  
Que colle a conversación  
Así que pola miña banda  
Acabouse a discursión.

A la orden general  
Veña vostede preparado  
Tivemos unha discusión  
E non chegamos a ningún lado.

Estás no sitio acertado  
Se vés do sector financeiro  
Así poderás explicar  
Que pasa co noso diñeiro.

Son o general .....  
Coñecido polos presentes  
E represento a asociación  
De afectados polas preferentes.

Permitame que non o crea  
Non sabe o que está decindo  
Non arreglades o problema  
Pero seguides mentindo.

Houbo quen firmou co dedo  
Non sabía ler nin escribir  
Engañástelo vilmente  
Non se pode consentir.

Xa nadie se fía de vós  
E teñen as súas razóns  
Non se pode facer caso  
Dese fato de ladróns

Puxestes boas condicións  
Cando era pra firmar.  
Agora queren os cartos  
E non llos queredes dar.

É unha sabia decisión  
Eso está moito mellor  
Así que date media volta  
E chama ó teu superior.

A la orden general  
Cabaleiro de alto mando  
Acerquese a dialogar  
Co general do outro bando.

GENERALES 4º

Son o general .....  
E a este pobo fun mandado  
Pra botar man dun problema  
Que non dades arreglado.

É posible que neste ano  
O PXOM quede aprobado  
Pois todo o que era necesario  
Na Xunta xa foi presentado.

Hai un prazo de tres meses  
Desde que é presentado  
Para que a Xunta conteste  
E se publique o resultado.

As cousas están ben feitas  
Levarnos traballado moito  
E todo o traballo ben feito  
Ó final da o seu froito.

Estamos ben asesorados  
Non fai falla outra exposición  
Vós o único que queredes  
É retrasar a súa aprobación.

Con eso só conseguiredes  
Perxudicar ós vecinos  
E cando veñan as eleccións  
Levaredes nos fuciños.

Estás indo polas ramas  
Non che interesa a conversación  
Eu dígoche que neste ano  
Queda aprobado o PXOM.

Pois non seguimos discutindo  
Que vai ser moito mellor  
Eu xa me dou a volta  
Pra chamar a un superior.

A la orden general  
Acerquese con decisión  
Para que trate vostede o tema  
Que lle pideu a comisión.

O problema xa ten anos  
E non lle vemos solución  
Son o general .....  
E pregunto polo PXOM

Non me veñas con historias  
Este asunto é de moi vello  
E non o arreglou a Xunta  
Nin tampouco o Concello.

Igual levas unha sorpresa  
Pra que non está preparado  
Pois hai moitas posibilidades  
De que veña denegado.

Dis que o traballo está ben feito  
Pero eu dígoche que non  
Algo haberá que ocultar  
Cando non se fai exposición.

Estades xogando con lume  
E ides salir queimados  
Pois unha vez veña aprobado  
Podedes ser denunciados.

Seguide enganando na xente  
E seguidelle mentindo  
Houbo quen votou pra vós  
E xa se está arrepentindo.

Espero que sepas o que dis  
E non tarden en aprobalo  
E que no entroido que ben  
Xa poidamos celebralo.

Eu tamen farei o mesmo  
Chamarei ó meu general  
Pois o asunto que trae  
Tampouco está nada mal.

A la orden general  
Acerquese para tratar  
Ese tema tan candente  
Que nos queda por falar.

GENERALES 5º

ULTIMOS

Son o general de festas  
E por vostede fun chamado  
Seique hai un problema coas cotas  
E quero estar informado.

Supoño que ese problema  
A de ser da comisión  
Pero por grande que sea  
Atoparemos solución.

Pois perdone que lle diga  
Que ese reparto está mal  
Cando chega o día da festa  
Todos disfrutan por igual.

E de entender que algún veciño  
Empece a estar algo farto  
Eu sigo pensando o mesmo  
Está mal ese reparto.

Pois entón queda así  
E mellor non lle tocar  
Hasta que veña outra comisión  
Que o decida cambiar.

Non sei do que me está falando  
E o mellor levo unha sorpresa  
Pero pódeme contar  
Que pasou na cena esa.

É normal que non houbera xente  
Pero tedes que aceptar  
De que temos moita crisis  
E As familias non poden gastar.

Pois con esto xa despido  
E que a ninguén pareza mal  
Pois aquí solo se trata  
De disfrutar do carnaval.

Son o general .....  
E a os vecinos represento  
Porque coa cota das festas hai  
quén non está contento.

O problema é que nesas cuotas  
Manexanse tres escalas  
E os que as teñen mais altas  
Din que non queren pagalas.

Non estou de acordo con eso  
Porque así non esta ben  
Pois en principio é normal  
Que mais pague o que mais ten.

Esta é unha costumbre  
Que ben desde moi antigo  
E cambialo nós agora  
Non vai ter moito sentido.

Pois agora que o penso  
E ó mellor penso mal  
Igual garda relación  
Co da cena de nadal.

Neste nadal que pasou  
Fixo a comisión unha cena  
Contábamos con moita xente  
E aquilo foi unha pena.

Esperemos que sexa así  
E que non haxa outra razón,  
Pero se queremos festas  
Hai que colaborar coa comisión.

Pois eu tamén me despido  
Gracias por nos atender  
Hasta outro ano señores  
Que nos volvamos a ver.

VIVAS DE RIGOR